



Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02

Juan García Pérez, arquitecto do Servizo de Urbanismo deste Concello, e director da obra de SUBSTITUCIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL

INFORMA:

Normativa urbanística de aplicación:

- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada.
- Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da L.S.G.
- É de aplicación, así mesmo, a Revisión do P.X.O.M. aprobado inicialmente.

As obras desenvólvense sobre Solo Urbano, Ordenanza 5: Dotacional, segundo o P.X.O.U. vixente. A Revisión do P.X.O.M. aprobado inicialmente clasifica este solo como Solo Urbano: Equipamentos.

As devanditas obras axústanse á normativa urbanística vixente.

A totalidade da obra desenvólvese sobre terreo público municipal non sendo necesaria a ocupación ou expropiación de terreos privados ou de outras administracións.

Para a execución destas obras non compre informe sectorial algún, tanto municipal como por parte doutros organismos ou administracións públicas. Entendo, polo tanto, que existe plena viabilidade e dispoñibilidade para a execución das mesmas.

O artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, fixa que será preceptiva a supervisión dos proxectos cando o orzamento base de licitación do contrato de obras sexa igual ou superior a 500.000 euros, I.V.E. excluído, ou cando as obras afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade dun inmovible. Nos demais casos, como é o que nos atopamos, o informe será facultativo.

O artigo 233.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sinala que o proxecto deberá incluír un estudo xeotécnico dos terreos sobre os que esta se vai a executar, salvo que resulte incompatible coa natureza da obra. Dado que se trata de obras a desenvolver en superficie, nas que non se actúa sobre taludes nin estruturas de importancia, e as cargas

sobre o terreo son ínfimas, entendo que nos atopamos no suposto que exclúe a obrigatoriedade do estudio xeotécnico.

Respecto á garantía máxima que como mellora se podería incluír no prego de prescricións particulares, entendo que non debería superar os dez (10) anos, décima parte da vida útil que se lle supón a esta infraestrutura.

Juan García Pérez.

Arquitecto do Servizo de Urbanismo do Concello de Chantada.

Documento asinado dixitalmente á marxe.